



O Concello recupera o legado fotográfico de Victorino Vereá

O próximo 27 de novembro, ás 20:30 horas, os veciños e veciñas de Oroso poderán disfrutar do "Proxecto Victorino Vereá", un duro traballo realizado durante os últimos meses dende o Concello de Oroso, en especial a través do Arquivo de Imaxes que dirixe o historiador Manolo Pazos. O resultado deses meses de traballo: unha exposición e a edición dun catálogo para recuperar o legado fotográfico de Victorino Vereá Montero, o primeiro fotógrafo ambulante da historia de Oroso.

O alcalde Manuel Mirás explica que "con esta exposición e con este catálogo queremos colocar a Victorino Vereá no lugar que lle corresponde na historia do patrimonio visual do noso concello e do noso país, e aproveitar para realizarlle unha merecida homenaxe ao creador dun legado artístico e documental que contribúe a incrementar o coñecemento, a cultura e o respecto entre todos os membros da sociedade".

Pola súa banda, Manolo Pazos destaca que o catálogo "recolle unha escol-



ma de fotografías inéditas da autoría de Victorino. Coa súa edición tentamos recuperar e por en valor o seu legado, que consideramos de gran interese estético e informativo".

A mostra será inaugurada polo propio Victorino Vereá o venres 27 de novembro, ás 20:30 horas, no centro cultural. A mostra poderá visitarse ata o 8 de xaneiro.

Axenda: Novembro

- 3** - ITV agrícola no polígono de Sigüeiro. 9-13 h.
- Exposición Censo Electoral
- Martes saudables: "A túa saúde da cabeza aos pes". 17h
- 4** - Curso de autodefensa para mulleres.
- 6** - Inauguración do Outono Fotográfico. 20:30 h. Centro cultural
- 7** - Contacontos "Eu querer quéroche ben". 11 h.
- I Liga de Atletismo da Mancomunidade de Ordes
- Teatro da Semente. "Chíos", para bebés ata 4 anos.
- 9** - Fin exposición Censo Electoral
- 11** - Curso de autodefensa para mulleres.
- 13** - Presentación do libro "Elos de cinza", de Xosé M. Lobato. 20:30h, centro cultural
- 14** - Contacontos "Eu querer quéroche ben". 11 h.
- I Liga de Atletismo da Mancomunidade de Ordes
- 15** - Monicreques Babaluva, "Lume". Ás 18:00 h, centro cultural. Público familiar.
- 16** - "As Pementeiros", teatro para alumnado do IES Oroso.
- 18** - Curso de autodefensa para mulleres.
- 20** - En busca do libro perdido. Ás 18:00h, na biblioteca municipal
- Teatro: "Desencaixados", de O Aturuxo de Melpómene. 21:00h
- 21** - Música folk: Bagoas da terra. Ás 20:00h, centro cultural.
- Contacontos. 11 h.
- I Liga de Atletismo
- 25** - Día contra a Violencia de Xénero.
- Autodefensa para mulleres.
- "Contos vellos, novos finais". Ás 18:00h. Centro cultural
- 27** - Exposición fotográfica Victorino Vereá Montero. 20:00 h, centro cultural.
- A Rebotica dos contos. Ás 18:00 h, centro cultural.
- 28** - Contacontos "Eu querer quéroche ben". 11 h.
- Baile de Maiores, a partir das 19:30 h. Centro cultural.
- 29** - Cabaré musical. "O retrete de Dorian Gray", de Retrete Cabarete. Ás 18:00 h.



...e para o mes NADAL!!!!



Paralizadas as obras da AP-9 por un problema administrativo de Fomento

O alcalde de Oroso, Manuel Mirás, denuncia a **paralización das obras da saída sur da AP-9** en Sigüeiro por un problema burocrático do Ministerio de Fomento. Unha paralización que recoñeceu a propia ministra, Ana Pastor, quen mesmo puxo unha nova data para o remate da obra: un mes (é dicir, o 23 de novembro). Esta é a cuarta data de apertura que ofrece o Ministerio de Fomento, que inicialmente falaba de finais de agosto, despois o trasladou a setembro e a última era o pasado 16 de outubro. Mentres tanto, **as obras están paralizadas cando aínda resta por construír a ponte sobre a N-550**, o que está causando moitas molestias tanto aos vehículos que circulan pola Nacional como, especialmente, aos veciños que viven na contorna da obra.



O Concello realiza un plan especial de limpeza de vías e cunetas por mor do temporal

O Concello de Oroso vén de realizar unha limpeza especial de estradas, cunetas e sumidoiros co gallo dos temporais de vento e chuva do mes de outubro, que arrastraron moita terra a estas zonas e mesmo dificultaron o tránsito de vehículos por varias pistas. O Concello utilizou unha pala para poder limpar a zona e retirar os refugallos nas distintas parroquias, especialmente no medio rural.



O Concello ábrille expediente ao BBVA polo estado da parcela de Porto Avieira



O Concello de Oroso vén de abri-lle expediente sancionador ao BBVA polo estado de abandono e de risco para a veciñanza que presenta a parcela da súa propiedade en Porto Avieira. "Fixémoslle un requerimento para que limpara a zona e mellorase o peche da parcela para garantir a salubridade da zona e a seguridade dos veciños. Non recibimos resposta, polo que abrimos expediente sancionador", explica o concelleiro de Seguridade Cidadá, Antonio Leira, quen adianta que "tamén o faremos coas propiedades do Sareb no Portiño e fronte ao centro de saúde, pois teñen a obriga de telo en boas condicións"





Novembro, mes contra a violencia de xénero e da educación en igualdade

Como todos os anos, a Concellería da Muller vai facer de novembro o mes contra a violencia de xénero, co gallo da conmemoración do 25-N do Día de Loita contra a Violencia de Xénero, pero tamén vai seguir traballando nalgo fundamental para erradicar esta lacra social de raíz: a educación en igualdade cos máis pequenos. Así, durante o pasado mes de outubro o alumnado do IES Oroso participou na iniciativa "Comparte", un programa de prevención, sensibilización e identificación da violencia de xénero promovido polo Concello a través da Mancomunidade de Ordes. Un traballo que continuará este mes de novembro no IES coa representación de "Pementeirás, unha historia de empoderamento feminino" o próximo 16 de novembro. E para os nenos e nenas, o 25 de novembro, ás 18:30 horas, haberá un contacontos especial no centro cultural: "Contos vellos, novos finais". E para os adultos, todos os mércores de novembro o centro deportivo Juanito Amigo acollerá sesións de autodefensa gratuíta para mulleres, para que no caso de que as medidas de prevención non funcionasen, calquera veciña de Oroso estea preparada para afrontar calquera situación comprometida. Inscricións de balde nos Servizos Sociais de Oroso.



A Deputación fará unha senda peonil na estrada da Grabanxa, entre Gándara e A Falmega

A Deputación da Coruña vén de atender unha petición que o Concello de Oroso leva facendo dende hai 4 anos e investirá case 230.000 euros nunha nova **senda**



peonil na avenida da Grabanxa, que na súa primeira fase conectará A Gándara con A Falmega. Trátase de algo máis dun quilómetro de beirarrúas de 2 metros de ancho, con recollida de pluviais e borde separador da calzada que mellorarán a seguridade viaria dos veciños.

O Club Patín Oroso xa xoga os seus partidos no polideportivo municipal de Sigüeiro

As obras realizadas polo Concello no polideportivo municipal de Sigüeiro permiten, entre outras cousas, que o **Club Patín Oroso** poida disputar os seus encontros na casa e, ao mesmo tempo, que os veciños e veciñas do municipio poidan gozar deste deporte sen ter que se desprazaren ata Compostela. Parabéns á directiva e a todos os xogadores/as polo prometedor inicio de temporada.



Foi noticia...



Máis de corenta veciños e veciñas de Oroso participaron esta fin de semana nunha **charla sobre drones**, dirixida por Fernando Beteta, da empresa Aerosar, que tivo lugar no centro cultural Fernando Casas e Novoa de Sigüeiro.



O Concello de Oroso vén de investir algo máis de 70.000 euros na compra dun moderno **tractor John Deere** con pala cargadora, desbrozadora de pluma e trituradora para a limpeza e conservación da nosa rede de estradas municipais.



Unha trintena de veciños/as participou nas "Xornadas Micolóxicas", nas que aprenderon a identificar cogomelos, tanto de xeito teórico como nunha saída ao monte, e participaron nunha degustación no restaurante Mariñaos.



A inauguración contou coa participación do presidente da Deputación da Coruña

Un auditorio e un novo campo de fútbol

O alcalde Manuel Mirás aproveitou a primeira **visita oficial** do presidente da Deputación da Coruña, Valentín González, para pedir a súa colaboración para afrontar a medio prazo dous importantes proxectos: un auditorio e un novo campo de fútbol. "Oroso ten que dar un salto de calidade no eido cultural", explicou Manuel Mirás, quen engadiu "a nivel deportivo temos máis de 800 veciños e veciñas practicando deporte, polo que necesitamos outro campo de herba artificial".



O Concello de Oroso comezou no mes de outubro unha campaña de poda de árbores dos distintos espazos naturais municipais.



O Concello de Oroso promoveuse turisticamente na feira FairWay, celebrada na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, dentro do stand sobre o Camiño Inglés subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña.



Unha quincena dos nosos maiores participaron na primeira sesión da nova tempada dos "Martes saudables", na que técnicos da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria lles faláron dos beneficios da **musicoterapia**.